



PROCEDEMENTO PARA AS SUBVENCIÓNS DE FUNCIONAMENTO DE CENTROS DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL.- ARTIGO 4.1.A)

Inclúese neste tipo o funcionamento daqueles centros que complementen os ámbitos de intervención social do Sistema Galego de Servizos Sociais neste nivel de atención, os cales se especifican no artigo 3 da Orde do 25 de xaneiro de 2008 pola que se regulan os requisitos específicos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social, e que corresponden ás seguintes tipoloxías:

- Albergues
- Centros de acollida
- Comedores sociais
- Centros de atención social continuada
- Centros de día e inclusión social

1. Documentación para solicitar a subvención

- Anexo I
- Anexo II
- Anexo III

2. Documentación para xustificar as subvencións

2.1 Xustificación das subvencións:

A xustificación das actuacións recollidas no artigo 4.1.a) realizarase pola modalidade de módulos conforme o establecido no artigo 44.b) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

As entidades beneficiarias deberán xustificar cada anualidade de xeito independente:

- A primeira anualidade comprende as actuacións realizadas entre o 1 de xullo de 2020 e o 30 de novembro de 2020, ambos incluídos, e a xustificación presentarase con data límite 7 de decembro de 2020.
- A segunda anualidade comprende as actuacións realizadas entre o 1 de decembro de 2020 e o 30 de novembro de 2021, ambos incluídos, e a xustificación presentarase con data límite 5 de decembro de 2021.
- A terceira anualidade comprende as actuacións desde o 1 de decembro de 2021 ata o 30 de xuño de 2022, ambos incluídos, e a xustificación presentarase con data límite de 15 de xullo de 2022.

Documentación necesaria para a xustificación (artigo 18.3):

- Solicitude de pagamento no anexo VI.
- Declaración responsable no anexo VII.
- Memoria económica xustificativa e declaración de gastos reais correspondente ao período que se pretenda xustificar no anexo VIII.



- Listaxe codificada de persoas usuarias por día, á que se xuntará certificación acreditativa de que os datos que contén a dita listaxe se corresponden cos datos recollidos no libro de rexistro ou fichas en soporte papel do centro. No caso de comedores, albergues, centros de día e centros de atención social continuada a listaxe a que se refire este apartado substituirase por unha relación do número de persoas que foron atendidas cada día acompañada da certificación acreditativa.

Modelo de listaxe codificada para comedores, albergues, centros de día e centros de atención social continuada –anualidade 2020

https://politicasocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/axudas/listaxe_comedores_albergues centros dia e casc 01-07-2020 ao 30-11-2020.xlsx

Modelo de listaxe codificada para centros de acollida –anualidade 2020

https://politicasocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/axudas/listaxe_codificada centros de acollida 01-07-2020 ao 30-11-2020.xlsx

Modelo de listaxe codificada para comedores, albergues, centros de día e centros de atención social continuada –anualidade 2021

https://politicasocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/axudas/listaxe_comedores_albergues centros dia e casc 01-12-2020 ao 30-11-2021.xlsx

Modelo de listaxe codificada para centros de acollida –anualidade 2021

https://politicasocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/axudas/listaxe_codificada centros de acollida 01-12-2020 ao 30-11-2021.xlsx

Modelo de listaxe codificada para comedores, albergues, centros de día e centros de atención social continuada –anualidade 2022

https://politicasocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/axudas/listaxe_comedores_albergues centros dia e casc 01-12-2021 ao 30-06-2022.xlsx

Modelo de listaxe codificada para centros de acollida –anualidade 2022

https://politicasocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/axudas/listaxe_codificada centros de acollida 01-12-2021 ao 30-06-2022.xlsx

2.2 Pagamento á conta da liquidación definitiva do artigo 20

A entidade poderanse realizar pagamentos á conta da liquidación definitiva en función das accións realizadas, cuxo importe total non poderá superar o 80 % da subvención concedida. Para tal fin establécense os períodos nos que se poden solicitar: un pagamento á conta desde o 01/07/2020 ata o 30/11/2020, tres desde o 01/12/2020 ata o 30/11/2021 e un desde o 01/12/2021 ata o 30/06/2022. Con cada solicitude de pagamento a conta deberá enviar a documentación prevista no artigo 18.3.

2.3. Pagamento das subvencións

O pagamento das subvencións realizarase en función do número de persoas efectivamente atendidas por día, multiplicado polo importe unitario de axuda establecido no artigo 13.1.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Dirección Xeral de Inclusión Social



Xacobeo 2021

galicia

Con cada solicitude de pagamento deberá enviarse a mesma documentación que a requirida para xustificar os pagamentos á conta da liquidación definitiva. Adicionalmente, na anualidade na que rematen as actuacións subvencionadas, presentarse ademais unha memoria segundo o guiión establecido no anexo IX.